

A VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE A TRAVÉS DA ÁREA DE DEPORTES DA UDC ABRE O PRAZO PARA SOLICITAR A CONDICIÓN OU MODIFICAR A CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DA UDC (DANUDC)

1. SOLICITANTES

Poderán solicitar ser incluídas no Programa de deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña ou modificar a categoría previamente recoñecida todas aquelas persoas que pertencen á comunidade universitaria no curso 2022-23 (estudantes, PAS, PDI ou PEC) e cumpran os requisitos que establece a Normativa para deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 29/06/2022.

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/006523

2. COMISIÓN DE VALORACIÓN

As solicitudes serán valoradas por unha comisión creada ao efecto.

Esta valoración realizarase seguindo os criterios que establece a Normativa para deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía telemática, a través do formulario que aparece na seguinte ligazón:

<https://udc.es/gl/deportes/danudc/>

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Dous prazos de presentación:

Primeiro prazo, desde o día seguinte á publicación deste anuncio ata o **30 de setembro de 2022**.

Segundo prazo, desde o **12 de decembro de 2022 ata o 16 de xaneiro de 2023**.

5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de

Área de Deportes



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	1LXaq7TwKfcnGroG2BJ/8Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	05/09/2022 10:34:51
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1LXaq7TwKfcnGroG2BJ/8Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude da condición de DANUDC ou a súa modificación ao abeiro deste anuncio, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión do Programa de deportistas de alto nivel da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal>, no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Área de Deportes



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	1LXaq7TwKfcnGroG2BJ/8Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	05/09/2022 10:34:51
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1LXaq7TwKfcnGroG2BJ/8Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

